

REAL ACADEMIA  
GALLEGA  
LA CORUÑA

F 7727

Biblioteca

DE RUADA









**DE RUADA**





1874





# DE RUADA



(Poesía premiada en el certamen literario musical de Mondoñedo, cuyo Jurado formaron en la Coruña los Sres. Murguía, presidente; Londal, Ballesteros, Novo y Martínez Salazar, vocales.)



---

LEMA:  
C que escribe etc.

---

LUARCA  
IMP. DE ROLLAN Y COMPAÑÍA  
1895









El Sr. D. Ramón Bustelo, Diputado provincial por Mondoñedo-Ribadeo, y autor del tema “una poesía en gallego, describiendo una costumbre del país,” costeó esta impresión, además de entregar un valioso objeto de arte, que había señalado como premio.

Este rasgo de caballeridad y protección á las letras, quiero que conste en prueba de agradecimiento.

**EL AUTOR.**









**A MI RESPETABLE AMIGO**

**Y**

**QUERIDO COMPAÑERO**

**DON EMILIO TAPIA Y RIVAS.**





LIBRARY

1743





## DE RUADA.



### LEMA:

O que escribe en gallego  
Por mal qu' o faga,  
Pon algun grau' d' area  
N-a moreada:  
Porque dí un dito:  
*Axuntando pingotas*  
*Formas' un cirio.*

(Benito Losada.)

### I.

Unha noite d' inverno d'as mais escuras  
Tentoume seic' o demo d'ir á Cesuras (1)  
Por mor d' unha rapaza mais feiticeira  
Qu'as froliñas que nacen n-a primadeira.

---

(1) Cesuras.—*Rillera* de la parroquia de Mondoñedo. Es un grupo de población tan importante, que por sí sola forma una nueva parroquia en el proyectado arreglo de ésta diócesis.





Tropezando n-os croyos, dando aturuxos,  
E petando co-a moca n-os ventanuxos  
Cheguei â Margarida, (1) brinquei o rio  
E seguin car' adiante sin med' ô frio.

O relente d'a noite pol-os lousados  
Andaban algús gatos axaneirados  
Pero cand'os meus zocos tumbar sentiron,  
Cal d'a crus os demoros, todos fuxiron.

Ond'âs casas pareime xunta d' un carro,  
Arrimeim' onha roda, piquei cigarro,  
E buscand'o librillo pol-a chaqueta  
Ouvín o ruxe-ruxe d'a pandeireta,  
Pois pretiño, moi preto, de donde estaba,  
O bodego d'a fia d' alí cadraba,  
Qu' anque prob'é as veces niño d'amores,  
Ond'a groria entrevemol-os labradores,  
A lús esmorecida d' un candil vello  
Que d'os grandes y-os porcos é un bon *espello*,  
Y-onde martes e xoves toc'o frauteiro  
Cal tocara decot'á non ser careiro  
Ou s'as picaras novas mais dadiveiras  
Mais cadelas tiveran n-as faltriqueiras.

Eilí van os rapaces namoricados  
Co-a bufanda hastr'os ollos, ta paruxados;  
Eilí van estornélos, xente d'o vento,  
As furtadas, c-o demo-n-o pensamento;  
Eilí van os petrucios qu'aran a terra  
Contar contos d'os mouros, casos d'a guerra  
Loitas d' heroes gallegos, honor e groria  
D'as páxinas brillantes d'a nosa hestoria;  
Eilí van *Madrileños* de moita sona  
Que c'os pés amasaron pan n-a tahona,  
*habaneros* que volven, de penas fartos,

---

(1) Ermita de la rillera de Cesuras.





Con sombreiro de palla, pero sin *cartos*;  
Eilí van *melitares* que n-o exercicio  
Inda deron mais voltas que dá un rodicio:  
Eilí van vellas tolas falar de Santos  
De tesouros, pantasma, trasnos, encantos,  
D'a compañía que sale pol-os camiños,  
D'o mal d'ollo, d'as fachas, d'os demachi-  
(ños,  
D'o pedrazo, que murchas pon as patacas,  
Das cobras que de noite maman n-as vacas,  
D'un libro d'esconxuros que ten o cura,  
De com'os nenos sanan d'a quebradura,  
D'as pormesas, d'os mortos, d'as romerías,  
¡E d'outras mil burradas e bruxeirías!

I I

Cand' entrei n-un recuncho fízome canto  
Cabo si unha meniña, que quero tanto  
Com'â lús d'os meus ollos, porqu'é Sabela  
Donairosa e garrida coma unha estrela.  
N-as ribeiras d'o Masma (1) non s'ollan frores  
Com'â branca azucea d'os meus amores,  
Qu'â moitos solteiriños lles fir' a y-alma  
Y-entre moitas vilegas se lev' a palma.  
O Demo no me leve que cando a quixo  
Faguer Dios..., abofellas soub'o que fixo!  
Así ô pronto quedeime sin saudala  
Por que sempre qu'a vexo prendo, n-a fala,  
E dempoixas â orela, moi despaño,  
Faleille d'esta sorte:—¿Fuch' ô muiño?  
—Fun levar un folico de grá de trigo.  
—¿E quen er'aquel fréte qu'iba contigo?

---

(1) El río más importante de las cercanías de Mondoñedo.





- ¡Tu tes gana de contos! ¿Seica ves lelo?  
—Lela estás tí que falas c'un estornélo.  
—Arrenégote, Xúncras! ¿Quen é es'acheite?  
—Un que todol-os dias che merc'o leite.  
—¡Or' ò demo! ¿E dixeron qu'era meu mozo?  
¿Com'as teipas me quede si cho conozo!  
—Non te faigas agora desentendida.....  
¿Cantas veces ch'o bebe pol-a medida?  
—¡Léria, léria! A medida naide lle toca  
Si non quer que n-os dentes lle fend'a zoca.  
—¡Bupa! Non t'enrrabexes, ten mais cachaza  
Qu'ese séreo non pinta n-unha rapaza.  
Dí a verdade, Sabela; ¿puxoch o *pucho*  
*D'os dous cornos* (1) n-a testa? ¿Deuch' algún  
chucho?  
Tí ¡xa ora! d'a Vila non contas nada  
Pro com'as veces volves tan colorada  
Non che falta quen diga, ¿contos de bruxas!  
Que che fan n-a cibdade mil garatuxas.  
—¡Ai de min, pecadora!.. ¡Bó! ¡No m'indines!  
—Eche certo, asi eu medre, non te presines.  
—¿Sabes o que che digo? ¡Basta de chanza!  
E si n'a tes deprende millor crianza.  
Seica coidas que faigo com'a Valura?  
¡Eu non sirvo, x'o sabes, pr'ama de cura!  
Vaite pra cabo d'outras, liscat'axina.  
—Craro, tí soilo queres â estudiantina.....  
—Faigo ben, pol-o d'oxe sonche solteira.  
—Pois destoncias bailemol-a muiñeira;  
Anda, vente pr'a roda.—¡Douche co-a roca!  
—Muller, erguet'e cala. ¡Viva quen toca!

---

(1) *Puchos d'os dous cornos*, llaman lo campesinos á los bicornios, vulgo tricornios que usan los seminaristas de Mondoñedo.





III

Renxeu a porta: en trulladas  
Entraron dando aturuxos  
E mais cantando alboradas  
Rapazas repinicadas  
E mociños coma buxos.

Buliron log'os pandeiros,  
E d'a fraut'os salouquiños  
Romedaban garuleiros  
Cantares d'os paxariños  
O amanecer, n-os loureiros.

Qu'o frauteiro de Zoñan, (1)  
Anque viste zaragolas,  
En tendo a frauta n-a man  
Acaba por volver tolas  
As mozas qu'â fía van.

Y-as mais xarelas beilaban  
Aloumiñando ilusiós,  
E, cand' unha volta daban,  
De moitos tras sí levaban  
Os ollos y-os corazós.

O ceio por quen eu morro,  
Sabela, á miña Sabela,  
Ergueuse, facend'o zorro,  
Pelisquein' entrou n-o corro  
Sacudindo n-a mantela.

---

(1) Zoñan. Lugar ó burgo de la rillera  
de Cesuras.





Y-ô pasar, quentes d'a chola,  
Tres ruás qu' estaban xuntos,  
Armando atros batahóla  
Berraban:—¡que baile sola  
Pol-o ben que marc'os puntos!

Fixos' an pouco a rogada,  
Qu' é sin querer melindrosa,  
Dempoixas..... ¡non digo nada!  
Lixeiriñ' e colorada  
Voltexaba donairosa.

—Ai, raparígas solteiras,  
Falou un vello;—á ver ora  
Si eso é bailar muiñeiras.....  
¡Naceuvos n-as Coruxeiras (1)  
Pra non salir bailadora!

Y-on *habanero* decía,  
Baduando mais qu'on loro:  
«¡Lo dudo qu' entodavía  
Haiga ni en Andalucía  
Tan lindo «pimpollo de oro!»

Namentres qu' así falaba  
¡Adios fest'e adios turreiro!  
Vin c-o candil apagaba  
Unha boca que sopraba  
Por debaixo d' un sombreiro.

---

(1) Coruxeiras —Lugar en los extra-muros de la ciudad de Mondoñedo: las mozas de este lugar tienen fama de bailar muy bien.





—Vivan sempre os de Cesuras!  
;Ou, minicreques! berrei;  
;Anqu' estamos às escuras  
Os qu' aprendedes c-os curas  
Aqui n-on prantades lei!—

—Buroneses: ;viv'a nosa!  
;Pau de cego e dar con gana!,  
Outra voz augardentosa  
respondeu, ;s' hay un que tosa  
Non leva costela sana!—

Logo dempois..... ;Diós me valla!  
Caían qu' era un gustiño  
Cal si se dera n-a palla  
Cando se volve pr'a malla  
De xantar con carn'e viño.

Y-ô chegarlle entón a vés  
—Un qu' abofé n'era manco—  
Sin folguexar deume três  
Y-esnafreime contr'ón banco  
Que tiña prarriba os pés.

As costas por caridade  
Cargou comigo un veciño  
E vindo pol-o camiño  
N-os Picos (1) tocab'o frade.

ANTONIO NORIEGA VARELA

---

(1) Convento de los PP. Pasionistas,  
á un cuarto de legua de Mondoñedo













PRECIO 0,50 PESETAS

